



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E NAVANTIA, PARA A CONSERVACIÓN E DIXITALIZACIÓN DO ARQUIVO AUDIOVISUAL DE NAVANTIA

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2017

COMPARECEN

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra, D. José María Hernando Moreno, co D.N.I. ... na súa calidade de Director de Relacións Institucionais e Desenvolvemento Corporativo, e D. José Esteban García Vilasánchez, con D.N.I. ... na súa calidade de Director de Programas con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido na documentación achegada.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e



EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A **Axencia Galega das Industrias Culturais**, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008). Adscrito á Axencia, creado por decreto 210/1989 do 5 de outubro da Xunta de Galicia, o CGAI inaugurouse o 15 de marzo do ano 1991, data desde a que vén desenvolvendo as súas actividades nos ámbitos do audiovisual e da fotografía de xeito regular.

As súas funcións no ámbito audiovisual, como institución responsable desde a administración autonómica, son:

- **A recuperación, catalogación, custodia e difusión das producións e obras do patrimonio audiovisual e fotográfico galego.**
- A programación de proxeccións, exposicións, conferencias, publicacións, etc. co fin de proporcionar un maior coñecemento das artes da imaxe.
- **colaboración, cos obxectivos anteriores, en actuacións en Galicia e no exterior.**
- A participación na promoción da produción audiovisual galega en mercados, mostras e festivais.



Pola súa banda, NAVANTIA é unha Sociedade Mercantil Estatal española pertencente á Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), que controla o 100% do seu capital.

A Sociedade Estatal de Participacións Industriais é unha Entidade Pública Empresarial, cuxas actividades se axustan ao ordenamento xurídico privado, adscrita ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, con dependencia directa do ministro.

O Grupo SEPI está composto por un grupo de empresas publicas moi diversificado polos seus obxectos sociais: minería, construción naval, comunicación, distribución alimentaria, xestión de infraestruturas, tabaco, promoción empresarial, transformación agraria e medioambiente, lecer, nuclear e servizos varios.

A historia de Navantia remóntase a 1730 coa creación dos arsenais militares de Ferrol, Cartaxena e San Fernando que se dedicaban á construción e reparación de buques da Armada Española.

En 1908 estes estaleiros entraron a formar parte da Sociedade de Construción Naval (popularmente coñecidos como á que tamén pertencían estaleiros civís como os situados en Matagorda e Sestao, que pasarían a integrar AESA. Ao termo da Guerra Civil española, o Estado tomou o control dos astilleros militares e creou Bazán en 1947, para executar os programas navais militares e as súas obras complementarias entre las que figuraban as civís e hidráulicas a realizar nas Bases e Factorías Navais Militares. A empresa, que loitou desde entón por mellorar e adaptarse ás esixencias dos seus clientes, empezou co tempo para desenvolver proxectos navais propios.



Navantia, Sociedade Mercantil Estatal española de construción naval, naceu en 2005 como resultado do proceso de escisión de Izar, que tiña como obxectivo mellorar a eficiencia empresarial da empresa resultante. Como herdeira dos organismos anteriormente citados, a entidade posúe unha cantidade importante de material audiovisual antigo nos seus arquivos, consistente en botaduras de barcos, fases de construción destes, presentacións ao público, que poden ter un gran valor histórico e audiovisual, e describe fitos históricos da evolución do sector naval en Galicia.

SEGUNDO.- Que a Agadic e Navantia consideran esencial a colaboración para a protección, conservación e tratamento das obras audiovisuais que posúe Navantia, así como a procura da súa difusión, a través das actividades propias do CGAI.

TERCEIRO.- Que a Agadic considera esencial a cesión temporal dun activo inmaterial mediante a participación no desenvolvemento deste proxecto, contribuindo a preservar e difundir a cultura galega, e en especial a produción audiovisual, a través da realización destas actividades, intentando acadar, deste xeito, unha maior eficacia na consecución dun dos obxectivos básicos do organismo de establecer unha programación cultural axeitada ás diferentes sensibilidades e gustos, o máis variada posible, da que poida gozar maioritariamente a poboación galega, enriquecendo, sen dúbida, o noso patrimonio cultural audiovisual e histórico.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, consonte coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é o establecemento das bases que rexerán a colaboración para a realización conxunta de actividades no marco da conservación, dixitalización e difusión dos arquivos audiovisuais que constan no anexo.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO PROXECTO

O prazo previsto para o desenvolvemento e a realización do proxecto indicado estenderase ata dous anos dende a sinatura deste convenio. Con anterioridade á finalización do prazo, as partes poderán acordar un período de prórroga de ata dous anos.

TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DO PROXECTO E OBRIGAS DAS PARTES

A Agadic será a entidade encargada, a través dos seus servizos no CGAI, da realización das actividades necesarias para a conservación, tratamento e dixitalización do material depositado. Navantia comprométese a entregar o material ao CGAI nas condicións e no momento que establezan de común acordo as partes.

A estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se refire a cláusula sexta deste convenio, ambas as entidades deseñarán e elaborarán conxuntamente o programa de actividades do proxecto, designarán ao persoal máis axeitado de cara á conformación do equipo necesario para a coordinación do proxecto, e xestionarán calquera modificación que xurda no desenvolvemento das actuacións a través dos medios materiais,



técnicos e humanos necesarios para a súa consecución, nun proceso de colaboración mutua entre ambas as entidades.

Ambas entidades, a través dos seus representantes, asistirán a todos os actos públicos de presentación e difusión das actividades conveniadas, co obxecto de incidir nunha maior difusión e promoción do proxecto e lograr a maior participación do conxunto da sociedade galega.

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión, as partes comprométense a facer mención expresa da mutua colaboración así como a empregar os logotipos de ambas as entidades. Utilizarase en todo o material de difusión que se realice ao abeiro deste convenio a **imaxe corporativa da Agadic e da Xunta de Galicia, así como a de Navantia**, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio. Da mesma maneira, en todos os actos de comunicación pública que se realicen débese facer constar expresamente **a colaboración da Agadic (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia) e de Navantia** no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A Agadic comprométese á entrega dunha copia dos materiais dixitalizados a Navantia no prazo máximo de 18 meses (DAZAOITO MESES) a partir da sinatura do presente Convenio, así como á custodia e conservación nas instalacións do CGAI, en Rúa Durán Loriga 10, 15003, A Coruña, dos materiais orixinais, non podendo cambiar dita ubicación sen consentimento expreso de Navantia.

Navantia poderá recuperar libremente en calquera momento ditos orixinais, previa comunicación escrita fehaciente.



CUARTA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte de Navantia actuará como responsable desta comisión el Director del Astillero Ría de Ferrol, ou persoa en quen delegue.

QUINTA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN

A realización das actividades derivadas do presente convenio non supón custo para a Axencia Galega das Industrias Culturais, dado que as actividades de conservación e dixitalización serán levadas a cabo polos técnicos do cadro de persoal da Axencia Galega das Industrias culturais, e co material propio do Centro.

SEXTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Todo o material xerado pola realización das actividades e demais resultados froito deste convenio, a excepción da copia dixitalizada a entregar a Navantia a que se refire o párrafo quinto da cláusula Terceira deste Convenio, serán de titularidade e uso común da Agadic e de Navantia.

Navantia conservará a titularidade exclusiva dos materiais orixinais e da copia dixitalizada a que se refire o párrafo anterior. Navantia ostenta os dereitos de propiedade intelectual sobre os materiais orixinais, e responderá das reclamacións relativas aos mesmos.

Previo acordo mutuo entre as partes, ambas as dúas poderán publicar os resultados,



parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio. A utilización do material fóra das actividades ordinarias do CGAI requirirá, así mesmo, autorización previa de ambas partes.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso dos interesados á Administración Autonómica, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, da difusión do mesmo no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Agadic e asemade, para incluír e facer públicos os datos referidos ao mesmo no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

SÉTIMA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Agadic, de tal xeito que, a estes efectos, a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

OITAVA: MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Axencia Galega das Industrias Culturais
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel.: 881 996 078 / 077 – Fax: 881 996 080
agadic@xunta.es – www.agadic.info



Axencia Galega das
Industrias Culturais



O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

NOVENA.- XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado este documento no lugar e data arriba indicados.

POLA AGADIC

Jacobo Sutil Nesta

Director (P.D. do Presidente do Consello Reitor
da Agadic, DOG 29/8/2012)

POR NAVANTIA

José María Hernando Moreno

José Esteban García Vilasánchez